



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Os poemas serán interpretados na Gala que se realizará en outono, xunto coas cancións premiadas de Tanxugueiras e Os Azeitonas, e a participación de Uxía, premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona.**

## **Susana Sánchez Arins e Marta Chaves, poetas gañadoras do certame [aRi\[t\]mar galiza e portugal 2019](#)**

**A iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela encádrase na Lei Valentín Paz-Andrade dos vínculos coa Lusofonía**

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2019.- A Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela acabou de fechar o proceso de votación dos poemas finalistas do certame aRi[t]mar galiza e portugal, onde os gañadores foron a galega Susana Sánchez Arins, polo poema "e isso é o amor" (*Tu contas e eu conto*, Através Editora, 2018), e a portuguesa Marta Chaves, por "FACHADA" (*Varanda de Inverno*, Assírio e Alvim, 2018).

As seguintes clasificadas foron Emma Pedreira (Galiza), por "Lista da compra da viúva", e Alice Vieira (Portugal), por "É com palavras que te vou guardar" e, en terceiro lugar, Andrea Nunes e María Rosendo (Galiza) con "Polinizándome" e José Luís Barreto Guimarães (Portugal) con "Nómada".

Os poemas foron escollidos por votación popular online aberta a todo o público galego e portugués. Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Portugués de Vigo-Instituto Camões e os centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza, e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego, e o público en xeral.

**aRi[t]mar galiza e portugal** é un proxecto didáctico-cultural, desenvolvido pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que ten por obxectivo divulgarmos a música e a poesía galego-portuguesas actuais, e achegarmos a cultura e a lingua dos dous países, no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

Coa organización do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación online as mellores cancións e poesías editadas ou publicadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso en 2018. Despois, os grupos e poetas gañadores participan nunha gala de entrega de premios que se celebra en Santiago de Compostela en outono.

aRi[t]mar, como iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro Cultural Portugués de Vigo.

O proxecto aRi[t]mar fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#).

### **Susana Sánchez Arins**

Vila Garcia de Arouça, 1974. É Licenciada nas Filologías Hispánica e Portuguesa pola USC e actualmente exerce de profesora de ensino secundario no IES da IIha de Arouça. Participou activamente na dinamización da vida sócio-cultural estradense, especialmente nunha longa etapa como integrante da Asociación de Tempo Livre *mistura*. Foi ganadora do XXI Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé com a obra *[de]construção*, editada por Espiral Maior (2009). Posteriormente publicou *aquiltadas* (Estaleiro Editora, 2012), *a noiva e o navio* (Através Editora, 2012), *seique* (Através Editora, 2015), *Carne da minha carne* (Apiario, 2018) e *Tu contas e eu conto* (Através Editora 2018). Na actualidade faz parte, também, da plataforma de crítica literária *A Segá*.

(autobiografía, febreiro 2019 en:

<https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/susana-sanchez-arins>)

**Marta Chaves** (1978) nasceu em Coimbra e vive em Lisboa. É psicóloga clínica e psicoterapeuta. Desde 2008, tem vindo a revelar os seus poemas em diversas antologias poéticas e revistas de poesia. Publicou os livros *Onde não estou, tu não existes* (2009), *Pensa que deixou de pensar nela* (2010), *Dar-te amor e tirar-te a vida* (2012), os três pela editora Tea for One; *Pedra de Lume* (Paralelo W, 2013), e *Perda de Inventário* (Alambique, 2015). *Varanda de Inverno* é o seu primeiro livro na Assírio & Alvim.

(biografía en <https://www.assirio.pt/autor/marta-chaves>)

SAÚDOS

CONTACTO: 606383584

---

SUSANA SANCHES ARÍNS, *Tu contas e eu conto*

e isso é o amor

*a visionar a verbena  
do Caxade*

lembrei  
que marina ia de socos  
e balouçava na mão  
limpos sapatos de salto  
brancos  
e guardava os socos  
tão tosquinhos e de madeira  
entre as pedras de um valado  
e calçava os brancos sapatos  
de ponta descuberta

[sandálias ló, dizia eu]  
cala e escuita,  
que este conto é nosso:

e luzia unhas pintadas  
e botava a baila com pepe  
e outra baila e uma rumba  
e três carinhos clandestinos  
e mudava sapatos [sandálias]  
por socos e voltava ao carreiro  
de lama com a música e os beijos  
ainda a dançar  
no rosado das unhas dos pés  
abrigados na camurça dos socos

e lembrei

que uma noite  
alguém levou os socos voaram  
ou marina esqueceu o agocho  
ou pepe escondeu para durar a festa  
e houve de fazer o caminho todo  
de curantes ao fojo  
com os sapatos da mão  
para não estropiar-lhes a brancura  
e os pés descalços  
e as unhas rosas  
e a música e os beijos  
e o amor todo a dançar  
na frescura da lama

lembrei isso.

---

**MARTA CHAVES, *Varanda de Inverno***

FACHADA

Desço para fumar um cigarro.  
Vejo o prédio em frente e por prédio  
quero dizer andaimes.  
Os andaimes não têm paredes  
e cercam as casas,  
ocupam-nas em liberdade.  
Há uns vestidos num estilo punk,  
e, por mim, dali se poderia mandar na cidade.  
Fazer palestras, comícios,  
feiras com altifalante na mão.  
Conceder-lhes permanência estival,  
promulgar o nudismo  
e vê-los a rir de quem não sabe montá-los

---